

GUÍA DE ESTILO PARA XORNALISTAS

Como informar de colectivos en risco de exclusión?

*PERSOAS MIGRANTES
PERSOAS CON DISCAPACIDADE
COMUNIDADE XITANA*



Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia)
Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

A ollada dos medios de comunicación sobre os colectivos vulnerables

Os cidadáns e as cidadás lemos, observamos e escoitamos decotío unha morea de mensaxes comunicativas coas que configuramos a nosa propia idea da realidade na que vivimos. Nunca antes tivemos ao noso dispor tal número de fontes de información, claro indicativo da crecente complexidade da sociedade na que vivimos.

Para constituírmos ademais unha **sociedade avanzada**, todos e cada un dos seus membros debemos dispoñer de plenas garantías á hora de exercermos os nosos dereitos básicos. Só deste xeito poderemos contribuír a construír unha cidadanía en verdadeiro réxime de igualdade.

O **exercicio da responsabilidade** na labor dos profesionais dos medios de comunicación pasa necesariamente por asumir que os medios actúan como principal referencia informativa e formativa dun importante sector da sociedade. Por iso, na medida en que os medios transmitan prexuízos e estereotipos negativos, reforzaranse os xa existentes entre o seu público ou engadiranse outros novos.

Se, en troques, os medios optan por espallar textos que obedecen a un propósito de inclusión social e por darlles voz aos sectores máis esquecidos da cidadanía, daquela estarán a crear novos **espazos para a convivencia**.

Unha guía para a toma de conciencia

Para promover a toma de conciencia por parte de editores, profesionais e estudantes de comunicación, a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) e a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios organizaron o 21 de outubro de 2010 o seminario titulado “**É a pobreza noticia? As persoas en risco de exclusión social nos medios de comunicación**”.

Celebrada na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, esta xornada de traballo práctico serviu para **detectar erros e propoñer melloras** no tratamento informativo que reciben día a día as informacións relativas ás persoas en risco de exclusión social, poñendo a énfase en tres colectivos concretos: o das **persoas migrantes**, o das **persoas con discapacidade** e o da **comunidade xitana**. O resultado do traballo realizado durante este seminario sintetízase nesta Guía de estilo para xornalistas.

Especializarse é mellorar

No panorama actual de medios escasean os produtos informativos que analicen, reflexionen e acheguen solucións para os retos que os colectivos en risco de exclusión lle presentan á sociedade. Trátase de acudir a fontes expertas e técnicas, abandonando prácticas prexudiciais como as frecuentes enquisas a pé de rúa, que só reproducen prexuízos ou discursos exculpatorios da exclusión social.

Estes retos implican un serio esforzo de **formación e actualización continuas** por parte do profesional, así como un recoñecemento desta necesidade por quen exerce labores directivas nas empresas.

Ferramenta de uso diario

Esta guía quere ser unha ferramenta útil e de fácil manexo. Un documento de uso diario para corrixir defectos, despexar dúbidas e afianzar boas prácticas á hora de facer comunicación sobre a migración, a discapacidade ou a realidade xitana.

O texto a seguir viuse enriquecido coa participación das persoas asistentes ao seminario. Tamén é debedor dun feixe de códigos de estilo elaborados por distintos colectivos e institucións, así como doutros informes e ensaios que aquí omitimos por falta de espazo.

Persoas migrantes

Cal é a nosa responsabilidade como medios de masas?

As migracións non son un fenómeno do noso tempo, senón que forman parte da historia da humanidade en todos os recantos do planeta. O que configura a realidade actual é o seu carácter global e a súa intensidade: os movementos migratorios son un elemento máis da **globalización**. Por iso convén analizar que mecanismos ideolóxicos interveñen na súa caracterización negativa.

Nos casos español e galego, tampouco se pode falar de feito recente. Ata 1985, as persoas de orixe estranxeira proceden sobre todo de Europa e Latinoamérica, polo que nos atopamos cunha **presenza inadvertida**. Desde entón, as achegas de fluxos migratorios proceden ademais de África e Asia, o que supón por primeira vez a **visibilidade da inmigración**, recoñecida con maior facilidade polos seus trazos fenotípicos.

No ano 2000, coa Lei Orgánica 4/2000 e posteriores reformas, a normativa faise cada vez máis restritiva. A inmigración convértese en **elemento de confrontación política** e medra a súa presenza nos medios. De ser un feito sociolóxico e humano pasa a ser un fenómeno –cando non problema– terxiversado.

A migración, ao tratarse dunha realidade humana, experimenta continuas transformacións. Os discursos sobre migración levan anos referíndose a España como **país de chegada**. Ante a evidencia de que os fluxos migratorios non só non medran, senón que a tendencia é a que remitan, o discurso debe cambiar.

Os **novos retos** teñen que ver cunha **presenza máis estable** das persoas de orixe estranxeira e atinxen ao conxunto da sociedade: a **integración** –demasiadas veces confundida coa asimilación–, a correcta xestión das relacións interculturais e o concepto de cidadanía.

Que erros frecuentes debemos evitar?

As novas sobre a inmigración adoitan asociarse a aspectos negativos que contribúen a construír un medo social en relación cos migrantes. Os medios tenden a espallar un **discurso de exclusión**, tanto polas temáticas abordadas como polo enfoque informativo.

É preciso un cambio orientado á promoción de discursos de inclusión: en primeiro lugar, abordando informativamente aspectos cotiáns que transmitan unha **imaxe de normalidade**, nin negativa nin con exceso de énfase no positivo.

En segundo lugar, mudando o encadre sobre o fenómeno: as migracións son un reto, unha **oportunidade para a sociedade**; non un problema nin unha ameaza, nin moito menos unha invasión. Os medios deben fuxir do discurso de promoción do medo e a sinalización da diferenza cultural.

Unha parte das temáticas e das imaxes que canalizan os medios sobre as migracións proceden de institucións públicas e formacións políticas. Porén, a correcta praxe profesional obriga a elaborar **contidos contrastados** que utilicen **fontes especializadas** e que ofrezan un contexto interpretativo da realidade.

Como facemos un mellor tratamento informativo?

- **Omitindo a identificación do país** de procedencia, grupo étnico, cor da pel ou relixión dos protagonistas de sucesos cando non é necesario para a comprensión global da noticia, sobre todo nos titulares. Hai que fuxir da asociación entre fluxos migratorios e delincuencia, sen contextualización e análise de causas.
- **Evitando as estratexias de sobreatención**: o tratamento da inmigración non debe circunscribirse a fenómenos coma os caiucos ou a polémicas polo uso de prendas relixiosas. Representar lugares e colectivos desde sucesos espectaculares é deformar a realidade.
- **Non asociando as persoas migrantes co desemprego** ou a masificación de servizos públicos, para concienciar á cidadanía autóctona de que non é a única propietaria lexítima do espazo público. As diferentes esferas deben cambiar para acomodar a persoas de orixe estranxeira e autóctonas.
- **Non tomando o colectivo migrante como un inasimilable cultural**, incidindo en supostas diferenzas culturais irreconciliables, e evitando identificar a súa relixión con actitudes fundamentalistas. Ás persoas migrantes, como ao resto da cidadanía, debe esixírselles o cumprimento da legalidade xurídico-constitucional. Nin máis nin menos.

- Transmitindo representacións propias dunha comunidade común heteroxénea, e non dunha segregada en grupos nacionais ou étnicos. Propónse empregar a noción inclusiva de **veciños no local** e a de **cidadáns do mundo**.
- **Sendo ecuanímes no uso de fontes informativas**, tendo en conta a migrantes e a colectivos pro integración, tamén naquelas informacións que teñen que ver co conxunto da cidadanía.
- **Distinguindo os conflitos** laborais, veciñais ou políticos dos conflitos racistas.
- Mostrando a persoa migrante como **suxeito con capacidade de axencia**, nunca como vítima. Isto axudará ao seu empoderamento.
- **Renunciando ás imaxes dramáticas**: a iconografía da desposesión promove a representación distorsionada do colectivo.
- Empregando sempre **imaxes relacionadas directamente cos protagonistas** e temática da noticia. Se empregamos imaxes de arquivo, deben ir sempre referenciadas e ser pertinentes.
- **Incorporando a perspectiva de xénero**: cómpren novas acerca da realidade da muller migrante e mais un correcto uso da lingua.
- **Respectando escrupulosamente a intimidade das persoas**, especialmente das menores. Non deben obterse imaxes invasivas sen contar coa autorización expresa dos protagonistas.

Que terminoloxía debemos empregar?

NON	SI
Ilegais, clandestinos, sen papeis (termos ética e xuridicamente incorrectos)	Persoas en situación irregular, persoas sen autorización de residencia / de traballo e residencia
Problema, ameaza, bomba de relojería	Oportunidade, reto, realidade irreversible, contribución social e económica

Vagas de pateiras, mareas de inmigrantes, avalanchas (idea de invasión)	Entrada, chegada
Persoa de color, moreno	Persoa negra / negroafricana

Onde procurarmos información especializada?

Accem Galicia:

www.accem.es

Asociación Galicia Acolle:

www.galiciaacolle.org

Igaxes3:

www.igaxes.org

Cáritas:

www.caritas.es

Foro Galego de Inmigración:

<http://forogi.wordpress.com/>

SOS Racismo:

<http://www.sosracismo.org>

Ferrocarril Clandestino, rede de apoio a inmigrantes en Madrid:

<http://transfronterizo.at.rezo.net>

Instituto de Migraciones. Universidad de Granada:

<http://migraciones.ugr.es/>

Migracom. Grupo de investigación en migración e comunicación:

www.migracom.com

Observatorio español del racismo y la xenofobia:

<http://www.oberaxe.es>

Persoas con discapacidade

Cal é a nosa responsabilidade como medios de masas?

É de xeito simplista e, polo tanto, tráxico, como parte da sociedade enfronta o feito de que algunhas persoas ao seu carón teñan discapacidade. Os medios de comunicación reproduciron con moita eficacia este pensamento, que se traduce na **falta de valorización da discapacidade como de utilidade e de interese público**.

Para que os medios desempeñen o rol que lles corresponde no proceso de construción dun país menos vulnerable ás inxustizas sociais é preciso que cristalice unha **cultura xornalística** abondo madura como para pensar nos temas inherentes ao desenvolvemento humano e á inclusión social, como **enfoque transversal** á cobertura de todas as grandes temáticas nacionais.

Os/as xornalistas teñen **moitas dúbidas** sobre como abordar as temáticas asociadas á discapacidade, e tal vez por iso o eviten en canto xorde a oportunidade. Isto non significa que falten exemplos de bo xornalismo social, pero moitas veces son resultado de esforzos individuais, máis que de liñas editoriais consolidadas.

O grande desafío está en que os medios tomen conciencia da **necesidade de evitar enfoques superficiais**, así como de artellar esforzos para capacitar a periodistas e editores para **non discriminaren na axenda** das súas reportaxes as persoas con discapacidade, recoñecendo a urxencia desta pauta.

Como facermos un mellor tratamento informativo?

O concepto de **sociedade inclusiva** permanece ausente na cobertura xornalística. É imprescindible que os profesionais da comunicación coñezan este termo, amparado pola Constitución e por varios tratados internacionais. É preciso romper co enfoque da discapacidade vinculada ao concepto de asistencia pasiva e substituílo por conceptos de **integración e de participación activa na vida económica e social**.

Aínda cando existe o interese e o desexo de realizar unha axeitada cobertura, os xornalistas atópanse coa desinformación sobre aspectos educativos, xurídicos, técnicos, médicos, éticos e mesmo políticos. Os profesionais precisan de **formación específica** para tratar a discapacidade con propiedade, sen achegas negativas.

Na práctica cotiá e polo afán de querer ter sempre presentes os elementos básicos da información xornalística (que, quen, onde, cando, por que) introducimos engados que parecen complementar a noticia, aínda que o resultado final condiciona a lectura que os receptores fan da realidade. Por iso é necesario **atender ás particularidades da temática**.

Os medios poden axudar á normalización social da discapacidade, como xa o fixeron noutros ámbitos. Nisto xoga un papel determinante a axuda das persoas con discapacidade. Os/as profesionais dos medios deben **recorrer a ONGs, fundacións, asociacións** que levan anos traballando coa discapacidade para contrastar que a información da que dispoñen sexa correcta.

Por outra banda, cabe destacar que non existe a nivel informativo grande preocupación por divulgar servizos relacionados coa mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.

- **Por que nos medios se reflicte a discapacidade dende unha óptica asistencialista?**
- **Por que en moitas ocasións a discapacidade vai ligada aos contidos de sucesos?**
- **Por que non se reflicte a discapacidade dende un prisma de normalidade?**
- **Por que non trataa como un elemento máis da diversidade?**

Que terminoloxía debemos empregar?

NON	SI
Suxeitos que sofren, padecen, están afectados por..., minusválidos, impedidos, diminuídos, paralíticos, subnormais, deficientes...	Hai que sinalar: persoas /nenos /adultos con discapacidade
Os discapacitados	Persoas con discapacidade
Os xordos, xordomudos	Persoas xordas
Invidentes	Persoas cegas
Impedidos, inválidos, paralíticos, inútiles, coxos...	Persoas con discapacidade física
Postrado/a nunha cadeira de rodas	Usuario/a de cadeira de rodas

NON	SI
Diminuídos, subnormais, deficientes, retrasados...	Persoas con discapacidade intelectual
Diminuídos, deficientes, mongólicos, atrasados...	Persoas con Síndrome de Down
Enfermo mental, trastornado, perturbado, psicópata, demente,...	Persoas con enfermidade mental ou persoa con problemas de saúde mental.
Esquizofrénico/a, depresivo/a, maníaco/a, anoréxico/a, psicótico/a,...	Persoas con esquizofrenia / depresión ou persoa que ten esquizofrenia.
Enfermidades mentais ou enfermidades psiquiátricas	Saúde mental, enfermidade ou problema de saúde mental
Autista	Persoas con Autismo
Xordo cego	Persoas con xordocegueira
Linguaxe de signos	Lingua de signos
Manicomio, psiquiátrico	Centro de saúde mental, centro de día, centro de rehabilitación, centro de recursos para persoas con discapacidade
Reclusión, internamento, peche	Ingreso hospitalario en...(nome do centro ou hospital)

En definitiva, trátase de **evitar a terminoloxía con connotación negativa**. Deste xeito non só estaríamos a normalizar a linguaxe, senón tamén os valores cara á vida. Á hora de mencionar nun texto informativo un problema de saúde, este só ha transmitirse **cando sexa relevante para a correcta comprensión** do feito.

Para acadar a normalización real da diversidade é fundamental a mobilización dos máis diversos sectores da sociedade, posibilitando así a verdadeira integración social das persoas con discapacidade, facéndoas visibles e lembrando que **non hai xente discapacitada, senón sociedades inaccesibles á diversidade**.

“Nunca souben moi ben como pode determinarse a discapacidade. A incapacidade, si. É unha carencia. O que non se ten non se ten. Pero a discapacidade é unha limitación física ou psíquica. E non coñezo a ningún que non a teña nun grado ou noutro”.

Iñaki Gabilondo (Prólogo)- Fernández Iglesias, José Luis (2006). Guía de Estilo sobre discapacidade para profesionais de los medios de comunicación. Madrid: Real Patronato sobre Discapacidad.

Onde procurarmos información especializada?

COGAMI- Confederación Galega de Persoas con Discapacidade
www.cogami.es

DOWN GALICIA - Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down
www.downgalicia.org

FEAFES Galicia- Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Guía de Estilo Saude Mental e medios de comunicación).
<http://www.feafesgalicia.org/arquivos/Guia%20de%20estilo.pdf>

Autismo Galicia (Manual Autismo e medios de comunicación)
<http://www.autismogalicia.org/images/pdf/novas/autismo%20e%20medios%20de%20comunicacin.pdf>
Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad
www.cermi.es

Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica
www.cocemfe.es
www.observatoriodeladiscapacidad.es/
www.centrodocumentaciondown.com/

Castillo Arenal, Tomás (2007). Déjame intentarlo. La discapacidad: hacia una visión creativa de las limitaciones humanas. Barcelona: Ediciones CEAC.

Castillo Arenal, Tomás (2009). Aprendiendo a vivir. La enfermedad: descubrir las posibilidades que hay en mí. Barcelona: Ediciones CEAC.

CERMI (2008). La imagen social de las personas con discapacidad.

COGAMI (2010). Guía de atención sanitaria ás mulleres con discapacidade.

Comunidade xitana

Cal é a nosa responsabilidade como medios de masas?

Os medios de comunicación teñen unha grande responsabilidade na configuración da imaxe social da comunidade xitana. Poden contribuír a xerar e reforzar estereotipos –e, con isto, actitudes discriminatorias e prexuízos– ou ben **contribuír a rebatelos e diluílos**. Deste xeito, dificultarán ou facilitarán a convivencia.

Os medios son, xunto coa transmisión familiar, os máis directos responsables da construción dun imaxinario social no que a comunidade xitana aparece vinculada ora co mundo da arte, especialmente do flamenco, ora co mundo da exclusión social, cando non directamente da delincuencia.

Poñer os seus problemas, e non tanto as solucións, no centro do foco informativo contribúe a reforzar estereotipos negativos. Porén, **informar dos avances e das alternativas abre espazos de convivencia**.

Que erros frecuentes debemos evitar?

No que atinxe á **redacción**, adoito identifícase a pertenza étnica dos implicados nun suceso, óbvias a presunción de inocencia, recóllense declaracións que reproducen estereotipos negativos, esaxéranse estes aspectos en titulares e mesmo se transmiten testemuños racistas (“eu non son racista, pero...”). Reprodúcese con normalidade un léxico inapropiado e unha linguaxe deturpada.

No **aspecto gráfico**, tanto as fotografías como as imaxes audiovisuais recollen a miúdo os aspectos máis extremos: o interior da chabola dunha familia que se atopa nunha situación de marxinalidade, as escenas máis violentas dunha discusión, etc. Certas canles de televisión mesmo pagan por gravar con seguridade os aspectos máis marxinais dos poboados xitanos.

En moitas ocasións, se hai que identificar ás persoas xitanas de forma visual, aparecerán no contexto dun barrio marxinal, non no seu centro de traballo. Se hai que identificar as súas vivendas, óptase polas chabolas, antes que pola vivenda en altura, na que viven a maioría das familias xitanas. Os menores aparecerán na rúa, mesmo entre coches vellos e refugallos, antes que na escola, en actividades de lecer comunitarias ou practicando deporte.

Outros erros afectan desde o propio punto de partida e teñen que ver coa **localización das noticias** relativas á comunidade xitana, que adoitan aparecer nas páxinas de sociedade ou de sucesos. Redúndase así na construción dunha imaxe social dual e non plural, segregada e non integrada.

Tamén se detectan **artigos de opinión** racistas,algúns velados, outros instalados na acusación infundada. Graves son ademais os **comentarios** que xornais considerados de referencia deixan que os lectores vertan nos foros das súas edicións dixitais. Abrir debates sobre cuestións sensibles desde o punto de vista da honra de persoas non relacionadas coa noticia é discutible, pero admitir eses comentarios cando se vulneran dereitos básicos é inadmisibile.

Como facemos un mellor tratamento informativo?

- Incorporando datos de contexto, análises históricas, etc. e contando con **xornalistas especializados/as** na situación das minorías étnicas.
- **Deixando de asociar a comunidade xitana con actividades delictivas**, machismo ou analfabetismo, e non tomar os barrios onde viven xitanos como ‘chivo expiatorio’ cada vez que se comete un delito na zona. As xeneralidades e o ton sensacionalista de textos e titulares **só incrementan a exclusión**.
- Cando nos referimos a unha persoa particular por un feito da súa responsabilidade, **evitando citar a etnia** se non é estritamente necesario para a comprensión global da noticia. Se a pertenza étnica se considera un dato relevante, este non ten por que ser excluído do corpo da noticia; porén, ao ser levado aos titulares, o estereotipo negativo suple con contidos emocionais os baleiros que se producen na comunicación.
- Cando un individuo exemplifica un feito que afecta a outras persoas xitanas, **acoutando o alcance da noticia** e acompañando o exemplo con datos.
- **Respectando sempre a presunción de inocencia**. Decotío empregamos o adxectivo “presunto”, mesmo para referírmonos a persoas que cometeron delitos probados. Porén, damos por cometidos outros dos que ás veces non existen sequer indicios.

- Ladróns, traficantes, vagos, violentos, analfabetos, marxinais... **Erradicando os estereotipos negativos** e, sobre todo, a súa presenza nos titulares. En ocasións o corpo da noticia é correcto, pero a xeneralización e a criminalización figuran xusto onde son máis visibles: no encabezado.
- A palabra en romanés *roma* identifica aos xitanos de todo o mundo, que segundo o país ou rexión se nomean tamén con outros termos (ciganos, tsiganes, gypsies...). Algúns autores diferencian tres grandes grupos: os roma, os sinti e os calés. A denominación roma está gañando peso internacional, xa que nalgúns lugares a palabra 'xitano' ten connotacións despectivas. No contexto hispano empréganse os termos 'xitano' e '**comunidade xitana**'.
- Evitando, no caso dos **medios audiovisuais**, as imaxes de situacións extremas que leven a identificar un caso particular cunha imaxe colectiva (droga, infravivendas...). Procuremos **imaxes que promovan a inclusión social** e as actitudes positivas na comunidade (escolarización, emprego, convivencia...). Estas imaxes son novas e inesperadas para a audiencia e abren vías para a identificación visual normalizada da comunidade.

Que terminoloxía debemos empregar?

NON	SI
Colectivo xitano	Comunidade xitana
Raza	Etnia
Clan	Familia extensa, grupo familiar, liñaxe
Patriarca, matriarca	Home / muller de respecto ('tío'/ 'tía')
Reyerta	Conflicto, enfrontamento, discusión
Nomadismo	(A maioría da comunidade é sedentaria)
Supermercado da droga	Poboado

Como facemos un mellor uso das fontes?

- **Dándolle a palabra** á comunidade xitana, mesmo nas novas que non se refiren a ela, para normalizar a súa presenza nos medios.
- **Consultando coas distintas asociacións** que representan as persoas xitanas e contando cos expertos e os técnicos.
- **Contrastando as versións institucionais.**

Onde procuramos información especializada?

Fundación Secretariado Gitano, sala de prensa:

http://www.gitanos.org/servicios/prensa/servicios_a_los_medios.html

Unión Romani:

www.unionromani.org/

Asociación Puente Cultural Rumano-Gallego:

www.rumanogallego.es

Asociación Gitana de Mujeres Drom Kotar Mestipen:

www.dromkotar.org/es/

Biblioteca Europea, espazo A Roma Journey:

http://www.theeuropeanlibrary.org/exhibition/roma_journey/eng/index.html

Dosta! Campaña de sensibilización do Consello de Europa:

<http://www.dosta.org/>

Guía práctica para xornalistas

Igualdade de trato, medios de comunicación e comunidade xitana

http://www.gitanos.org/upload/54/77/Guia_Practica_Com_FinalCompleto.pdf



www.eapn.es



www.eapn-galicia.com



www.agareso.org

